

Para resolver os enigmas precisarás ler o libro, pescudar información na Internet... e, sobre todo, pensaaaaar !

O TEMPO DO REVÉS DE MARÍA SOLAR. BAÍA EDICIÓN

-A autora deste libro tamén escribiu a historia dunha rapaza, chamada _ SH _
(Non te estou mandando calar, e que o título leva esas letras e outras dúas, que son...?)

1º ENIGMA: as letras son _ _

- A protagonista da historia, que se chama Aldara, vive en

S _ _ T _ _ _ _ DE C _ _ _ _ _ LA



e coñece a Ana, que vive noutro país; deste país son orixinarios os gauchos da Pampa.
Que símbolo aparece na bandeira deste país?


2º ENIGMA: Un _ _ _

- Un dos instrumentos musicais máis típico do país onde vive a amiga de Aldara é o _ _ _ _ _ neón, que se parece moito ao acordeón, coa diferenza de que en lugar de teclado ten botoneira. Podes ver ese instrumento musical aquí:

<https://www.youtube.com/watch?v=vaXNdVTGT0k>

3º ENIGMA: O instrumento é o _ _ _ _ _ NEÓN.

- A temperatura media, na poboación onde vive Aldara, adoita rondar os 10 graos Centígrados no mes de xaneiro. É improbable que neve; pero adoita chover. En cambio, a súa amiga fala doutro tipo de vacacións de Nadal. Mira no climograma que marca a liña da temperatura media nese mes.



4º ENIGMA: __ graos

- Existe unha razón para que as rapazas queden un determinado día da semana. Se Aldara quixera falar con Ana tres horas máis tarde do que suxire a súa nai, a que hora tería que conectarse Ana?

5º ENIGMA: Ás _ p.m.